

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026

A/A PRESIDENTE/A

Estimado/a presidente/a,

Como concelleira responsable da área de Deportes do Concello de Santiago de Compostela, pñoime en contacto con vostede para solicitar a súa colaboración para obter información actualizada respecto das e dos deportistas, adestradores/as, entidades deportivas, centros educativos, árbitros/as... vinculados ao noso municipio que durante a tempada 2024/2025 ou ano 2025 despuntasen polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos.

O Concello de Santiago ten interese en acadar esta listaxe actualizada respecto aos resultados deportivos máis destacables con motivo das **“Distincións Santiago Deporte 2025”**.

Polo tanto, solicitamos que nos remita documentación ao respecto, en función dos seguintes criterios, definidos para cada premio ou categoría das bases reguladoras das Distincións Santiago Deporte 2025:

- **Deportista feminina categoría base**
- **Deportista masculino categoría base**
- **Deportista feminina**
- **Deportista masculino**

As catro primeiras categorías están enfocadas a aqueles/as deportistas que durante a tempada 2024/25 ou ano 2025, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntasen polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o Comité Avaliador considere que os fan acredores desta distinción.

En calquera dos catro supostos, as persoas candidatas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Nacer en Santiago de Compostela
- Estar empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
- Pertencer a unha entidade deportiva compostelá
- **Entidade deportiva máis destacada** que na tempada 2024/25 ou ano 2025, segundo a modalidade deportiva que se considere, acadase resultados meritorios na súa disciplina, sexa recoñecida pola súa promoción do deporte en Santiago ou organizase un evento deportivo de significativa transcendencia e repercusión social. Requisitos para seren candidatas:
 - Ter a sede en Santiago de Compostela
 - Estar inscrita no rexistro municipal de asociacións
- **Adestrador/a máis destacado/a** que sobresaíse durante a tempada 2024/25 ou ano 2025, segundo a modalidade deportiva que se considere, polos triunfos, logros ou éxitos do seu club ou do/a deportista ao que adestre. As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:
 - Nacer en Santiago de Compostela
 - Estar empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
 - Adestrar un equipo ou deportista compostelán
- **Árbitro/a xuíz/a máis destacado** que sobresaíse durante a tempada 2024/25 ou ano 2025 pola súa traxectoria deportiva e humana no desempeño do seu labor, con independencia da modalidade deportiva da que se trate.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Nacer en Santiago de Compostela
- Estar empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
- Pertencer a unha entidade deportiva compostelá
- **Patrocinio deportivo.** Á entidade pública ou privada recoñecida pola súa vinculación, promoción e apoio ao deporte compostelán, sexa de forma directa, patrocinando clubs e deportistas do municipio, ou pola súa colaboración con entidades no desenvolvemento de actos ou eventos deportivos puntuais.
- **Actividade ou acción social.** Ao club, asociación, persoa física ou entidade pública ou privada que durante o ano 2025 destacase no desenvolvemento de actividades/programas de carácter benéfico, ou favorecese a cohesión social, ou promóvese os valores deportivos.

As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Nacer ou ter a sede en Santiago de Compostela
- No caso de persoas físicas, estar empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
- Desenvolver a súa actividade en Santiago de Compostela
- **Deporte inclusivo/adaptado.** Ao club, deportista, asociación, persoa física ou entidade pública ou privada que durante o ano 2025 sobresaíse polos méritos deportivos ou pola promoción e fomento do deporte inclusivo ou adaptado.

As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Nacer ou ter a sede en Santiago de Compostela
- No caso de persoas físicas, estar empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
- Desenvolver a súa actividade en Santiago de Compostela
- **Entidade educativa.** Ao centro de ensino, público ou privado, que se distingue no ano 2025 por impulsar os valores do deporte no ámbito educativo, tanto internamente como no resto do municipio.
- **Honorífico á traxectoria deportiva.** Recoñecemento de carácter individual á persoa que destacase pola súa traxectoria en calquera ámbito do deporte compostelán.

Entendo que a súa colaboración é fundamental e agradecería que nos comunique a información solicitada no prazo **ata o día 23 de febreiro de 2026**. A tal efecto, achegámoslle un modelo para a presentación das súas propostas.

Para calquera dúbida ou suxestión, pode contactar con galadodeporte@santiagodecompostela.gal ou no teléfono: 981528730 (persoa de contacto: Antón Campos Rial).

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Asdo: Pilar Lueiro García
CONCELLEIRA DE DEPORTES